




concello de **A CORUÑA**
separata 15



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZDO E TERRITORIO HISTÓRICO	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	3
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	6
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	6
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	8
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	11
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	14
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	16
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)	17
8.	ANEXO PLANOS	25



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Únha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

TRAZADO DO CAMIÑO



Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteiores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.

TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS



Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.

TRAZADO COMPLEMENTARIO




Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.



Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A orixe da relación da Coruña co Camiño de Santiago está unida ao devir histórico entre esta cidade e a veciña de O Burgo. Estas dúas poboacións foron alternativamente os principais portos marítimos da zona, segundo as decisións dos monarcas de trasladar o tráfico marítimo a un lugar seguro ante os ataques normandos. O rei Fernando II decidiu restituír o antigo porto e o faro á súa anterior localización e posteriormente, en 1209 Alfonso IX rei de Galicia e León funda co nome de Crunia a nova poboación que en 1446 recibe o título de cidade.

Hai constancia da existencia de hospitais, como o de San Lázaro no século XIV. Estaba situado fronte á ermida de Santa Lucía no barrio do mesmo nome, extras muros e a pé do camiño cara a Santiago, segundo detalla Luciano Huidobro e Serna na súa recompilación de peregrinacións xacobeas.

O mapa de 1543 de Juan Villuga sobre os camiños de España, mostra A Coruña nun dos extremos do camiño que a comunica con Santiago. Outras mostras de cartografía histórica reflicten tamén a presenza desta cidade, como é o mapa de Gallaecia Regnum de 1600, conservado no Arquivo do Reino de Galicia.

A descrición do Camiño Real da Coruña a Santiago realizada por Fernando Urgorri e Lucindo Fembiella, detalla que o camiño saía da cidade pola porta chamada da Torre de Abajo (pertencente ao baluarte construído a comezos do século XVIII onde actualmente está a rúa Juana de Vega) e continuaba polo denominado Barrio de Santa Lucía.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O Camiño Inglés a Santiago comeza na Coruña na Porta da Cruz ou do Parrote. Esta porta pertencía ao antigo recinto amurallado que conectaba directamente co mar. Conserva tres escudos sobre o lintel da porta e unha cruz que remata o conxunto pétreo, despois de desaparecer outras cruces do mesmo lugar.

Crúzase a porta subindo os altos chanzos de pedra que dan acceso ao Paseo do Parrote. Xírase a esquerda para chegar pouco despois ao lugar onde se abre a man dereita a Praza do Xeneral Cánovas, pola que se accede á "Cidade Vella". Cruzando esta praza de forma cadrada e chan empedrado, chégase á rúa do Parrote. Por esta rúa, que ofrece boas mostras de arquitectura tradicional, o peregrino áchase fronte á Igrexa de Santiago.

Dende aquí, a ruta xacobeana toma a rúa de Santiago en dirección á Praza do Xeneral Azcárraga. O trazado xira para atravesar esta praza arborada e volve xirar para baixar pola rúa das Damas. Sempre con firme de lousado, o peregrino avanza por estreitas rúas nas que se levantan fachadas de sillería con balcóns e galerías de estilo tradicional. Tamén poden verse algúns exemplos de arquitectura modernista.

A baixada culmina na Plazuela de los Ángeles e continuando pola rúa dos Ángeles chégase ao arco que dá acceso á Praza de María Pita. Traspasado o soportal perimetral desta praza, o peregrino continúa sen cambiar de dirección percorrendo a praza máis popular da cidade. Á súa dereita, no lado norte, érguese o Pazo Municipal, sede do Concello da Coruña.

A ruta abandona a Praza de María Pita polo arco que conduce á rúa Rego de Auga. Nesta vía peonil predominan as fachadas con galerías acristaladas ata chegar ao Teatro Rosalía de Castro, onde o peregrino comeza o seu tránsito pola rúa Real. O trazado percorre integramente esta arteria comercial coruñesa, cuxo pavimento empedrado dá paso ao Cantón Grande, presidido polo Obelisco. Neste lugar, a perspectiva amplíase cara á zona portuaria situada máis aló dos Xardíns de Méndez Núñez.

A ruta prosegue polo Cantón Pequeno, onde a zona peonil se reduce ás beirarrúas laterais da rúa. Cruzada a Praza de Mina, continúaase pola rúa Sánchez Bregua ata chegar á Praza de Ourense. Á altura desta praza chega á súa fin a zona axardinada sita no lateral esquerdo do trazado. A Praza de Ourense dá paso á Avenida de Linares Rivas, onde se levantan varios edificios de arquitectura modernista sendo a fachada marítima cara ás instalacións do porto.

Á altura da Lonxa da Coruña, o trazado inténase na Avenida do Alcalde Alfonso Molina para pouco despois xirar pola rúa Santiago Rei Fernández Latorre no lugar onde estivo situada a capela de Santa Lucía. Esta rúa con deseño curvo leva á Praza de Catro Camiños onde sobresaen os edificios da segunda metade do século XX. O peregrino atravesa esta praza e continúa pola mesma rúa que xira e gaña anchura. Neste sector mantéñense algunhas fachadas modernistas no lateral oeste da rúa, que a medida que vai avanzando, van sendo substituídas por construcións dos anos sesenta e setenta do século XX.


Tras cruzar a rúa Ramón y Cajal a ruta prosegue pola avenida do Alcalde Pérez Ardá. O tramo inicial desta rúa carece de edificios en mazá pechada, debido á proximidade da Estación de Autobuses e dun centro comercial, que definen o ámbito urbano. O tránsito por esta avenida realízase sen desniveis, alternándose algunhas superficies axardinadas con equipamentos sociais no lateral esquerdo e de novo edificios de vivendas no dereito.

O trazado chega a unha rotonda onde conflúen catro rúas. Xa en plena zona de expansión urbanística dos anos sesenta e setenta na capital coruñesa, a ruta toma a Avenida de Monelos en constante ascenso.

Camiño do barrio de Eirís, continúa a suba pola Avenida de Monelos onde xa aparecen as primeiras casas da antiga poboación de Eirís. Esta avenida, que actualmente é o principal eixo de comunicación, discorre entre Eirís de Arriba e Eirís de Abaixo. Na zona máis alta, a ausencia de bloques pisos no lateral esquerdo permite considerar a rúa da Coruña coa praia de Santa Cristina en primeiro termo. A rúa pasa a denominarse Avenida de Montserrat e as pequenas vivendas de pedra dan paso aos edificios de pisos construídos nas últimas décadas.

Xa en constante descenso, aparecen no horizonte varios altozanos nos que se levantan vivendas unifamiliares illadas. Entre edificios de pisos e o valado dun recinto industrial armeiro, o peregrino chega a Pedralonga. A continuación, pásase sobre a Avenida do Alcalde Alfonso Molina e continúaase pola rúa Río Quintas pola que discorre a estrada N-550 como travesía. O peregrino encóntrase no barrio de Santa Xema, onde finaliza a zona urbana da Coruña.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos. A Coruña. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO COMPLEMENTARIO



TRAZADO 1997



O trazado do Camiño que atravesa o Concello de A Coruña apenas presenta variacións respecto ao do ano 1997. A única variación prodúcese á hora de definir o punto de partida do Camiño e no acceso á Rúa Real. No resto do Concello mantense o mesmo trazado que no 97.

TRAMO PORTA DO PARROTE-RÚA REAL



O trazado do ano 1997 iniciaba o Camiño de Santiago Inglés dende A Coruña na confluencia da Rúa de Santiago co Paseo da Dársena. Dende alí, a continuación dirixíase pola Avenida da Mariña ata chegar á rúa do Ágar por onde se encamiña cara á rúa Real.

No caso do trazado proposto nesta delimitación, formúlase como punto inicial da peregrinación o da Porta do Parrote para unha vez traspasala e alcanzar a rúa do mesmo nome, chegar á Igrexa de Santiago, rodeala en dirección á praza General Azcárraga, rúa das Damas, plazuela dos Anxos, Praza de María Pita e internarse na rúa Riego de Auga que remata na rúa Real, onde tanto este como o trazado do ano 97 son por primeira vez coincidentes.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

O Camiño Inglés ao seu paso pola Coruña realiza un itinerario totalmente urbano. Tan só no tramo final, coa unión entre a estrada N-550 e a Avenida do Alcalde Afonso Molina, a contorna carece das características propias dunha zona urbana.

O trazado ten o seu inicio na Cidade Vella da Coruña, onde a ruta transita por rúas empedradas. Neste tramo o peregrino comparte a rúa cos vehículos motorizados por rúas ao mesmo nivel. A continuación, a ruta atravesa a zona céntrica coruñesa onde predominan as zonas de uso exclusivo peonil, con perfecto estado do pavimento.


A continuación, pola expansión urbana do século XX, discorre por amplas avenidas como a rúa Sánchez Bregua e a avenida de Linares Rivas. Son vías urbanas que só presentan dificultades para os peregrinos en bicicleta, xa que soportan moito tráfico rodado e non existen carrís exclusivos para bicicletas. Coas mesmas características prosegue o trazado pola contorna da Praza de Catro Camiños e do barrio de Monelos.

O paso polo barrio de Eirís realízase a través da Avenida de Montserrat que confire un carácter periurbano á ruta. A rúa dispón de beirarrúas, polo que non hai perigo para o peregrino a pé.

Como indicouse anteriormente, o último tramo polo termo municipal coruñés non cumpre cos mínimos requisitos en canto a seguridade. A Avenida de Pedralonga conflúe na unión de enlaces coa AC-11 e N-550. Nesta conexión as calzadas non dispón de beirarrúas nin espazos de protección para peóns, polo que o paso tanto a pé como en bicicleta resulta complicado e moi perigoso. Superado este tramo, continúaase pola rúa Río Quintas, pola que discorre a estrada N-550 como travesía, que conta con beirarrúas.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Recuperable/Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.


ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	4.4	65.6%	3.1%
	Mala	1.3	19.4%	0.9%
	Media	0.0	0.4%	0.0%
	Boa	0.3	3.8%	0.2%
	Moi boa	0.7	10.8%	0.5%
	Excelente	0.0	0.0%	0.0%
	Total xeral	6.8	100.0%	4.8%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



	Conservación do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	5.3	78.4%	3.7%
	Regular	1.5	21.6%	1.0%
	Mala	0.0	0.0%	0.0%
	Total xeral	6.8	100.0%	4.8%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito de delimitación no concello de A Coruña, un dos dous puntos de inicio do Camiño, sitúase ao seu leste e percórreo de norte a sur. Adaptouse ao trazado do Camiño, e trátase dun ámbito de sección variable e límites quebrados pola parcelación existente ao tratarse dun ámbito que na súa gran maioría discorre por zonas urbanas. A dirección principal que leva é principalmente de noroeste a sudeste, aínda que no seu primeiro tramo realiza unha figura curva ao adaptarse á zona do porto de A Coruña. Polo tanto consideraremos dous límites diferenciados no ámbito: o límite oeste e o leste.

O ámbito atravesa as parroquias de A Coruña, Oza (Santa María) e Elviña (San Lorenzo), pasando polos núcleos de A Coruña, Casanova de Eirís, Monte Mero, Pedralonga, Pedro Fernández e Río de Quintas, e non abarca a totalidade do trazado do Camiño Inglés. Exclúese deste os ámbito do PEPRI da Cidade Vella e Pescadería.

A liña do límite oeste arrinca no borde do PEPRI e discorre pola Praza de Galicia, rúa de Federico Tapia cara ao sur e a rúa de Juan Flórez. Neste punto toma o límite este dá avenida do Alcalde Alfonso Molina cara ao sur para xirar ao leste na rúa que discorre polo sur do instituto Fernando Wirtz Suarez, rúa Marqués de Amboage cara ao sur ata pasar a estación de autobuses, traseiras das edificacións residenciais que dan á rúa de Chile e rúa de Brasil.

Tras cruzar a Ronda de Outeiro o límite oeste cruza a parroquia de Oza e continúa entre parcelas residenciais edificadas e espazos públicos: traseira do edificio residencial na rúa de Cabaleiros; cruce da avenida Salvador de Madariaga para tomar dirección sueste e realizar unha liña quebrada bordeando os aparcamentos existentes na traseira dos edificios en torre na avenida dos Monelos; cruzar a Ronda de Camilo José Cela e bordear os edificios en bloque lineais e os seus espazos verdes interiores dende a rúa dos Claveles ata a rúa das Petunias. Neste punto atravesa a Ronda de Camilo José Cela e vai cara ao leste polo Lugar de Cernada. Neste parte, coincidente cos núcleos de Eirís de Arriba e Abaixo, a cidade ten un carácter menos urbano, e coexisten parcelas de cultivos con edificacións illadas. O límite continúa paralelo á avenida dous Monelos cara ao sueste, polas rúas Santa Teresa de Jomet e Lázaro Azouridas, cambiando aí a parroquia de Elviña, ata o límite da Fábrica de Armas. Cruza cara ao sur pola avenida Alcalde Alfonse Molina para bordear polo oeste a zona comercial e os seus aparcamentos. De novo toma dirección sueste acompañando a N-550 polas traseiras das parcelas das vivendas que están en primeira liña do Camiño e lle dan fachada, para saír do concello á altura da rúa de Álvaro Cunqueiro.

O límite leste do ámbito parte no sur do PEPRI da Cidade Vella de maneira que a partir dos edificios e as instalacións portuarias discorre polo límite de costa e ao final da lonxa cruza a avenida Primo de Rivera cara ao interior da cidade. Agora pasa a bordear mazás de edificios residenciais: rúa Costa de Palloza, cara ao sueste por Praza de Palloza, rúa da Primavera, rúa Alcalde Marchesi, Benito Blanco Rajoy cruzando cara á rúa de Ramón e Cajal por medio do edificio residencial. Volve tomar a rúa do Alcalde Marchesi cara ao leste rodeando a zona comercial, e xira pola rúa Paralela Ponte para descender cara ao sur pola Travesía de Rianxo, ao oeste pola rúa San Diego e ata a Ronda de Outeiro pola Travesía San Diego. Pasada a ronda e pola traseira da mazá de edificios cambia á parroquia de Oza. Continúa pola rúa de Juan Neira, Camiño da Igrexa, e rúa de Vicente Aleixandre para continuar ao outro lado da rúa do Oleoducto pola avenida de Lamadosa. Chegando á zona residencial de Eirís baixa pola rúa Vila de Miño e cruza os edificios paralelo á avenida Monelos cara ao sueste. Nesta zona percorre as rúas Lugar Eirís de Arriba, rúa Castaño de Eirís cara ao conxunto de vivendas unifamiliares a pé da rúa Victoria Kent que atravesa. Agora pasa por unha zona sen edificar con parcelas de cultivos e continúa por a traseira dos edificios que dan fachada á avenida de Montserrat abríndose cara ao norte para pasar á parroquia de Elviña e rodear as instalacións do Hospital e a súa capela, e baixar cara ao sur pola avenida da Pasaxe e tomar a rúa Pedralonga. Percorre cara ao sueste as traseiras dos edificios a pé da avenida Pedralonga, e cruza a avenida do Alcalde Alfonso Molina,

bordeando polo leste a parcela industrial e os seus aparcamentos. Enlaza ao sur coa rúa Río Quintas e rúa das Brañas para abandonar o concello.



6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Edificio modernista na rúa Compostela	Rúa Compostela nº 6	A Coruña	Arquitectura civil	548.283	4.801.837
Edificios na Praza de Lugo	Praza de Lugo nº 22 a 26	A Coruña	Arquitectura civil	548.297	4.801.850
Edificio en Padre Feijóo	Rúa Padre Feijoo nº 7	A Coruña	Arquitectura civil	548.255	4.801.731
Edificio en Linares Rivas	Avenida de Linares Rivas nº 9	A Coruña	Arquitectura civil	548.288	4.801.603
Edificios en Linares Rivas	Avenida de Linares Rivas nº 16 - 17	A Coruña	Arquitectura civil	548.312	4.801.559
Casa Barrié	Avenida de Linares Rivas nº 35-40	A Coruña	Arquitectura civil	548.293	4.801.430
Edificios en Linares Rivas	Avenida de Linares Rivas nº 48 a 52 e 56	A Coruña	Arquitectura civil	548.287	4.801.357
Edificio en Linares Rivas	Avenida de Linares Rivas nº 57	A Coruña	Arquitectura civil	548.303	4.801.299
Edificio en Marcial del Adalid	Rúa Marcial del Adalid nº 1	A Coruña	Arquitectura civil	548.282	4.801.424
Edificio na rúa da Palloza	Rúa da Palloza nº 7	A Coruña	Arquitectura civil	548.414	4.801.103
Edificio UGT	Avenida Fernández - Latorre	A Coruña	Arquitectura civil	548.416	4.800.998
Edificio en Concepción Arenal	Rúa Concepción Arenal nº 15	A Coruña	Arquitectura civil	548.446	4.800.836
Edificio en Fernández - Latorre	Avenida Fernández - Latorre nº 22 - 24	A Coruña	Arquitectura civil	548.405	4.801.131
Edificio de vivendas en Fernández - Latorre	Avenida Fernández - Latorre nº 38 e 48 ao 58	A Coruña	Arquitectura civil	548.406	4.800.946
Edificios en Fernández - Latorre	Avenida Fernández - Latorre nº 98 a 102	A Coruña	Arquitectura civil	548.367	4.800.761
Edificio en Fernández - Latorre	Avenida Fernández - Latorre nº 118	A Coruña	Arquitectura civil	548.372	4.800.709
Edificios en Fernández - Latorre	Avenida Fernández - Latorre nº 13 - 17	A Coruña	Arquitectura civil	548.410	4.801.123
Casa en Fernández - Latorre	Avenida Fernández - Latorre nº 43	A Coruña	Arquitectura civil	548.388	4.800.754
Edificios en Fernández - Latorre	Rúa Marqués de Amboage nº 3 a 11	A Coruña	Arquitectura civil	548.368	4.800.689
IES Fernando Wirtz Suárez e Colexio Concepción Arenal	Rúa Cabaleiros nº 1 - Marqués de Amboage nº 2	A Coruña	Arquitectura civil	548.308	4.800.688
Pazo da Peregrina	Río Quintas	Elviña (San Vicente)	Arquitectura civil	549.814	4.797.588
Clínica e Capela Labaca	Rúa Montserrat s/n	Oza (Santa María)	Arquitectura civil / relixiosa	549.523	4.798.605
Casas tradicionais en Monelos	Avenida de Monelos nº 117-9	A Coruña	Arquitectura civil	548.637	4.799.712
Casas en Eirís de Arriba	Eirís de Arriba nº 3 - 7	Elviña (San Vicente)	Arquitectura civil	549.071	4.799.108
Casa en Eirís de Arriba (I)	Eirís de Arriba nº 10	Elviña (San Vicente)	Arquitectura civil	549.077	4.799.087
Casa en Eirís de Arriba (II)	Eirís de Arriba nº 46	Elviña (San Vicente)	Arquitectura civil	549.211	4.798.918

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039




040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092



093



094



095



096



097



098



099

8. ANEXO PLANOS